



1. ESTUDANTES DE GALEGO

A. Todas estas persoas estudan galego. Completa a ficha que falta cos teus datos.



Chámome Iara, son brasileira e profesora de portugués.




Ola, son Maite. Son galega e traballo nunha axencia de viaxes.




Chámome Juan, son madrileño e son médico.



Ola, son Hellen. Son irlandesa e traballo nunha empresa de informática.



Ola, o meu nome é Mohamed. Son palestino e estudante de matemáticas.



B. Agora xa podes presentarte ao resto da clase.

- Ola, chámome Susan, son alemá e traballo nunha empresa de informática.

2. TEST ORAL



A. Teresa está na Coruña para facer un curso de galego. Escoita a entrevista que lle fan na escola e completa a ficha.



Test oral

Curso Intensivo de Galego

- NOME:
- PAÍS:
- TEMPO QUE PENSA ESTAR EN GALICIA:
- PROFESIÓN:
- OUTROS IDIOMAS:
- POR QUE ESTUDA GALEGO?
- CANTO TEMPO HAI QUE ESTUDA GALEGO?
- COUSAS QUE LLE GUSTA FACER NA AULA (Marque as respostas certas)

☐ Exercicios de gramática.	☐ Actividades orais.
☐ Ler textos.	☐ Xogos.
☐ Traballar en grupo.	☐ Traducir.
☐ Actividades con internet.	
- DIFICULTADES QUE TEN CO GALEGO (Marque as respostas certas):

☐ Entender a gramática.	☐ Pronunciar correctamente.
☐ Lembrar o vocabulario.	☐ Falar con fluidez.

B. Compara a túa ficha coa do teu compañeiro. Tendes toda a información? Podes volver escoitar a entrevista para completar os datos que vos faltan.

C. Agora faille o mesmo test ao teu compañeiro e anota as súas respostas. Logo, explicallas ao resto da clase.

- De onde es, Aldo?
o Colombiano, e ti?
- Eu son brasileiro. Canto tempo pensas estar en Galicia?

D. Presenta o teu compañeiro ao resto da clase.

- Este é Aldo, é colombiano e pensa estar un ano en Galicia. Traballa nunha oficina...